

An Gorta Mór

Teñen as pedras oghámicas
pretéritas profecías
xa riscadas:
o porto era a ferida
pola que fuxía o sangue
e as palabras;
a terra un xemer de tripas,
un cemiterio de fungos
sen patacas.
Por unha pasaxe en terceira
os viaxeiros venderon
seus algures;
polos catro cantos da illa
escorregaron a carne,
as lembranzas;
e as fadas esfameadas
rillaron as propias ás
-laio de vidro-.
En alicerces graníticos
-en verdecentes círculos concéntricos-
está escrito:
Nós lembramos dos ausentes,
dos esquecidos na Grande Fame,
... ata dos cans tiñosos.

Dublín, Setembro de 2011